



Para calquera dúbida contactar con
Bibiana ou Víctor

Mail calidade@fademga.org

Tf 981519650



BOLSA AUDITORES INTERNOS FEDERACIÓN

FADEMGA

 **Plena**
inclusión
Galicia

Que é a Bolsa de auditores/as de FADEMGA Plena inclusión Galicia?

Base de datos onde figuran os contactos de auditores/as intern@s de entidades federadas. Inscribíndose nesta bolsa, @s auditores/as se poñen a disposición para auditar internamente outras entidades federadas e solicitan ser auditad@s por alguén da bolsa.

Para que?

- Coa base de datos de auditores/as intern@s se cruzarán auditorías fomentando o intercambio de coñecemento.
- Aprender do que se fai noutras entidades e identificar posibles melloras para cadansúa entidade
- Ensinar o que se fai en cadansúa entidade e aportar posibles melloras a outras entidades

Como funciona?

Cada ano abrírase un prazo no que darse de alta na bolsa de auditores/as . Unha vez pechado, se distribuirán as auditorías en función de criterios de similitude entre servizos a auditar, proximidade das entidades e datas de auditorías externas.

Que compromisos asumo para formar parte desta Bolsa?

- Ter rigor na realización da auditoría interna
- Colaboración durante o proceso entre auditor/a e responsable de calidade
- Aportar a documentación dos procesos a auditar con 15 días de antelación
- Compromiso de confidencialidade (sinatura compromiso LOPD)
- Flexibilidade na planificación de datas e horarios das auditorías
- Entrega do informe de auditoría interna no prazo de 15 días como máximo
- Os custes derivados da auditoría serán asumidos pola entidade na que traballa @ auditor/a intern@

Que teño que facer para poder participar nesta Bolsa?

1. Deberase cubrir a ficha de inscrición na bolsa de auditores internos de calidade cos seguintes datos:

- Datos persoais
- Formación relativa a auditorías de calidade
- Experiencia na realización de auditorías de calidade
- Información referida á auditoría que se vai levar a cabo :
 - perfil de auditor esixido
 - alcance do sistema de xestión
 - duración e data da auditoría interna
 - servizos e procesos a auditar
 - data da auditoría externa

2. Deberase cubrir o compromiso de participación na Bolsa de auditores/as intern@s de calidade FADEMGA. Dito documento deberá ser asinada polo profesional que solicita formar parte da Bolsa de auditores/as intern@s de calidade FADEMGA, polo representante legal da entidade do profesional e polo presidente de FADEMGA Plena inclusión Galicia

